Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O encanto de Xaviña

A braña de Xaviña está en Santo Tomás de Xaviña, preto da ponte de Reigoso, concello de Coristanco (A Coruña).

Aquí foi onde se lle apareceu a un rapaz que andaba coas vacas unha lagartixa que lle falou:

Quen me queira desencantar, tres biquiños me ha de dar.

Aquela aparición repetiuse varios días e a lagarta sempre lle dicía o mesmo. O rapaz tomou medo e dixo na casa que non quería ir coas vacas para a braña; entón o irmán máis vello, vese que máis valente, ofreceuse para ir el no seu canto.

Cando chegou, pasoulle o mesmo. Presentouse a lagartixa e díxolle:

Quen me queira desencantar, tres biquiños me ha de dar.

Pero, xa ora, ó mozo dáballe noxo bicar o becho no fociño, así que lle puxo un pé enriba da cabeza e deulle o bico no rabo.

Disque, nada máis bicala, sentiu unha sensación moi suave e, sen decatarse, deulle outro bico na cabeza.

Para a súa sorpresa a lagarta transformouse de inmediato nunha fermosa moza. Pero aínda quedaba outro sobresalto; a moza resultou ser unha irmá de seu que desaparecera había xa uns anos.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. Mª., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, p.183.